



FEDERACION GALEGA DE CICLISMO
C/ Fotógrafo Luis Ksado, 17
36209-VIGO

ACTA DA ASAMBLEA ORDINARIA DA FEDERACION GALEGA DE CICLISMO

12/11/2011

En Padrón sendo as 10,30 horas do día 12 de novembro de dous mil once, reúnese en segunda convocatoria, ó non haber quorum suficiente na primeira, a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Ciclismo cos seguintes

ASISTENTES:

Presidente:

D. Manuel Tallón Mesías

Vice-Presidente - Tesoureiro

D. Sabino Cortizo Soñora

Vogais:

D. Juan Carlos Candal de La Cruz

D. Juan Carlos Díaz del Valle

Xerente – Secretario en funcións

D. Ricardo Terceiro Vilas

Asembleístas:

C. C. Barbanza

C.C. Bici Verde

C.C. Bike ou non Vai

C.C. Cambados

C.C. Cambre

C.C. Cangas

C.C. Carballo

C.C. Compostelano

C.C. Coruxo

C.C. Estradense

C.C. Ferrol

C.C. Gondomar

C.C. Luís Ocaña

C.C. Meixoeiro

C.C. Milagrosa

Monteferro Bike C.

C.C. Negreira

C.C. O Rosal

A.D.C. Picaraña

C.C. Ponteareas

C.C. Rías Baixas

C.C. Spol

P.C. Tea

C.C. Teis

C.C. Vilalba – As Pontes

D. Alberto Ferreira Gómez

D. Manuel Gómez Castro

D. Gerardo Lareu Vaquero

D. Esteban Lorenzo Vila

D. Carlos Moure Fraga

D. Manuel Paz Noya

D. Manuel Pedre Vázquez

D. Jacob Piñeiro Dacosta

D. Guillermo Fernández Iglesias

D. Manuel Seijo Alonso

Ábrese a sesión en segunda convocatoria, cos asistentes que arriba se relacionan para tratar os seguintes asuntos da órde do día:

1º. Aprobación se procede da acta da Xuntanza anterior.

Dáse por enterada a Asemblea do contido da acta anterior .

D. Ernesto Falcón propón a creación dunha comisión que supervise e firme un borrador de acta que se confeccionaría ó remate da Asemblea. Non se somete a votación porque a directiva considera innecesaria esta confección.

Tras algunhas aclaracións da intención de absterse por non seren membros da Asemblea anterior sométese a votación a acta co seguinte resultado.

Votos emitidos: 37

Votos a favor, 31

Votos en contra :0

Abstencións : 6

2º.- Informe Presidente.

Fai un breve resumo da actividade da FGC durante o ano, no tema económico e xestión deportiva. Felicita a todos os deportistas que conseguiron éxitos para o ciclismo galego. Dña. Begoña Carpinteiro interrompe para solicitar que se nomee tamén ós deportistas que tiveron éxito individual ó que lle contesta o Sr. Presidente que se estaba a referir ós compoñentes das distintas seleccións galegas. Tamén solicita Begoña Carpinteiro que se fale de cicloturismo.

D. Gerardo Álvarez pregunta pola intervención de dna. Begoña Carpinteiro e aclaráselle que xa non é membro da Xunta directiva ó presentar a dimisión na reunión da mesma do mes de outubro.

3º.- Balance e conta de perdas e ganancias.

O Vice-Presidente, D. Sabino Cortizo solicita aclarar este punto como Ex-Presidente da Federación Galega e responsable da xestión económica do ano 2010 e explica a situación de perdas. Fai un estudio pormenorizado dos motivos polos que se acadou un resultado negativo de 100.789,27 €. Centrando estes importes na incorporación, por orde xudicial, de cantidades pendentes de pagamento á empresa Viuda de Domínguez, na falla de documento escrito para o cobramento da etapa de Sarria da Volta a Galicia e a súa falla de pagamento, na renuncia do Club Ciclista Cambre a organizar a proba da Copa de España de Ciclocross e que tivo que asumir a Federación, e moitos condicionantes máis que influíron neste déficit.

D. Esteban Lorenzo pregunta porqué se incrementou con respecto ó ano 2009 os saldos pendentes pola parte dos clubs e solicítase que a Xunta directiva de conta a Asemblea das débedas dos clubs.

A directiva aclara que se tratará de reducir este importe unha vez que se aclaren os conceptos e os importes exactos xa que en algúns casos pode haber erros nos asentos contables o dudar da procedencia dalgúns ingresos que se fan a nome de persoas e non de entidades.

Sométese este punto a votación dando o seguinte resultado:

Votos emitidos: 31
Votos a favor, 15
Votos en contra :4
Abstencións : 12

4º.- Orzamento para os exercicios 2011 e 2012.

Pola parte do xerente D. Ricardo Terceiro procédese á lectura do proxecto de orzamentos para 2011 e informa que os de 2012 votárase por separado.

O orzamento de 2011 acada un importe tanto en gastos como en ingresos de 708.800 euros. D. Ernesto Falcón pregunta porqué se retrasou tanto a presentación do presuposto ó que lle contesta o Sr. Presidente que foi porque se estivo facendo unha auditoría e quería presentar as contas e os orzamentos con ela feita e que mentres tanto a economía da Federación xestionouse co presuposto de 2010 prorrogado. Sométese a votación o orzamento de 2011 dando o seguinte resultado:

Votos emitidos: 34
Votos a favor, 29
Votos en contra :0
Abstencións : 5

O Orzamento de 2012 preséntase por un importe de 722.300 euros en gastos e ingresos.

D. Ernesto Falcón pregunta se a partida de persoal se vai a manter en 115.000 € ó que se lle contesta que sí e en contestación á súa pregunta detállase o plantel de traballadores composta por dous administrativos, un técnico deportivo (seleccionador) e un xerente. O xerente explica que os costes de salarios e seguridade social do profesor do CGTD está incluída na propia partida de gastos deste centro.

Engádesse ademais que tamén o seleccionador de Ciclocrós ten unha asignación que se inclúe no apartado de gastos da selección e prodúcese entón un longo debate sobre os nomeamentos dos seleccionadores de estrada e Btt no que se expoñen as posturas de algúns asembleístas sobre a conveniencia ou non de nomear un seleccionador único para todas as disciplinas e categorías como había anunciado o Presidente ó inicio da lexislatura, pero él mesmo advirte que a práctica e a experiencia final con coincidencias e incompatibilidades non o recomendan.

Sométese a votación o orzamento de 2012 que é aprobado por maioría co seguinte resultado:

Votos emitidos: 35
Votos a favor, 23
Votos en contra :8
Abstencións : 4

5 Calendario de Ciclocrós.

Dáse lectura ó calendario de ciclocrós que presenta só cinco carreiras incluídos os Campionatos de Galicia que se celebrarán o día 24 de decembro en Santiago de Compostela organizados polo Club Ciclista Compostelano.

6.- Calendarios de carreiras para a tempada 2012.

Preséntase ós clubs o calendario de carreiras e cicloturismo de todas as disciplinas e categorías para a tempada 2012 que fan un total de 154 actividades programadas . Advertindo a xunta directiva que todas teñen as taxas liquidadas agás as probas organizadas por vinte clubs dos que catro presentaron unha solicitude de apazamento. E ós restantes 16 que non aboaron as taxas se lles concedeu un prazo ata o 30 de novembro para aboalas, e que no suposto de que non o foran entenderíase que renuncian a reserva da data.

7.- Rogos e preguntas.

Dáse lectura á varios escritos de assembleístas:

1.- Escrito da A.D. Picaraña no que propón a rebaixa do prezo da licenza de un día e a rebaixa da franquicia no seguro de responsabilidade civil.

Intervén D. Juan Martínez para explicar que foi el quen propuxo a taxa de 12 € polo seguro de un día e vultou a defender a súa postura baseándose en que foi efectiva, que se incrementou o número de licencias anuais que é o mellor xeito de que o ciclista estivese asegurado todo o ano. Despois de un longo turno de intervencións sométese a votación a proposta da A.D. Picaraña en canto á rebaixa da licenza de un día sendo rexeitada por 24 votos con 4 abstencións e cinco votos a favor, con catro ausencias.

En canto á rebaixa da franquicia do seguro de responsabilidade civil, a xunta directiva informa que a actual prima coa franquicia de 300 € foi así contratada porque habería un aforro de máis de 5.000 €. En todo caso volvería a estudarse porque as compañías de seguros están presentando novas ofertas económicas e outras coberturas para o ano 2012 e que se é posible contratar unha nova coa franquicia máis económica farase, sempre e cando non sexa en detrimento das garantías e coberturas actuais.

2.- Escrito da Comisión de BTT do que a xunta directiva asume os seguintes compromisos:

Actualización do Inventario de material da FGC.

Ampliación do calendario de BTT e mini BTT dende o 1 de marzo ata o 1 de novembro. Sometido a votación e aprobado pola asemblea con 15 votos a favor, 6 en contra e 7 abstencións e nove ausencias.

Desglose máis detallado das partidas orzamentarias e balance de contas.

Inclusión dos gastos derivados da competición de BTT no orzamento anual da FGC.

Prohibición de tramitación de licencias sen xustificación do previo ingreso do seu importe.

3.- Escrito do Club Ciclista Spol e Club Ciclista O Rosal no que propoñen un novo reparto de premios para todas as categorías e disciplinas dada a situación económica actual e co obxecto de incentivar a organización de carreiras.

Despois de un turno de intervencións a cargo de varios assembleístas queda aprobado por unanimidade o seguinte reparto de premios que combinan as propostas máis económicas de ámbolos dous clubs:

Ciclocrós:

	PREMIOS EN METALICO			
	ELITE-SUB 23	JUNIOR	CADETES	FEMINAS
1º	90	40	25	25
2º	75	30	20	20
3º	50	25	15	15
4º	40	20	15	15
5º	30	15	10	10
6º	20	10	10	10
7º	15	10	5	5
8º	15	5	5	5
9º	10	5	5	5
10º	10	5	5	5
TOTAL PREMIOS	355	165	115	115
IMPORTE FINAL	750 €			

Estrada:

	HOMES		
	ELITE-SUB 23	JUNIOR	CADETES
1º	100	60	40
2º	80	50	30
3º	60	40	20
4º	50	30	15
5º	40	20	10
6º	30	15	10
7º	20	10	10
8º	15	10	5
9º	10	10	5
10º	10	10	5

	415 €	255 €	150 €
--	--------------	--------------	--------------

	FEMINAS		
	ELITE-SUB 23	JUNIOR	CADETES
1ª	50 €	25 €	20 €
2ª	45	20	15
3ª	40	15	10
4ª	35	10	10
5ª	30	10	10
6ª	25	5	5
7ª	20	5	5
8ª	15	5	5
9ª	10	5	5
10ª	5	5	5
	275 €	105 €	90 €
	470 €		

Dáse lectura a unha segunda parte do escrito do C.C. O Rosal sobre o G.P. Deputación de Pontevedra organizado polo club e no que pide explicacións sobre a subvención do organismo provincial e acláraselle que a Federación galega non recibiu ningunha cantidade para esta proba. Que no mes de xuño foi advertida de que as probas pendentes de organizar que se anularan, e que si había algún tipo de axuda, esta só sería para o Gran Premio Deputación de Pontevedra de elite e sub 23. En todo caso a Xunta Directiva comprometeuse a ingresar na conta do C.C. O Rosal calquera cantidade que envíe a Deputación pola organización do G:P. Deputación para Junior.

No turno rogos e preguntas intervén en primeiro lugar D., Ernesto Falcón para facer os seguintes:

Solicita a publicación dos acordos da Asemblea na páxina web.

Solicita o desglose máis pormenorizado da documentación que se presenta na Asemblea.

Situación da débeda do C.C. Padronés, se está saldada e en caso de que así sexa de qué maneira se saldou.

Solicitude de que se presenten as contas e os orzamentos a Asemblea dentro do primeiro trimestre do ano.

D. Antonio Ramos, propón que se fagan probas de circuío para os principiantes e que non se eliminen ós dobrados nas carreiras de escolas.

D. Luís López, que se transixa no número de carreiras que poden correr os principiantes, alevíns e infantís ata 22-24 carreiras.

D. Manuel Pedre, desglosar o número total de licencias por modalidades.

Pregunta sobre a dimisión da Secretaria Dña. Begoña Carpinteiro.

D. Ricardo Pérez Cameselle solicita potenciar a formación de ciclistas e técnicos e aconsella ós clubs cobrar pola formación das escolas.

D. Gerardo Álvarez propón retomar a entrega da memoria dos resultados como se viña facendo en anos anteriores.

Por último D. Ernesto Falcón propón o envío de un escrito á Federación Española de Ciclismo no que se reclame unha solución urxente do “caso Ezequiel Mosquera”. Este punto foi sometido á aprobación da Asemblea dando o seguinte resultado :

Votos a favor, 12
Votos en contra :7
Abstencións : 2
Con 16 ausencias .

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 16,10 horas do día 12 de novembro de dous mil once.

De todo o exposto dou fe como secretario co visto e praxe do presidente.

Vº P. Manuel Tallón Mesías
PRESIDENTE,

Fdo/ Ricardo Terceiro Vilas
SECRETARIO,

